

LA VISITA Y UN JARDÍN SECRETO

Irene M. Borrego, 2022

1082

ESTREA EN NUMAX: 20.03.2023 | V.O. | TP | 65 min

Pouco se sabe da misteriosa figura de Isabel Santaló, unha artista na vellez, hoxe esquecida. Pero, de vez en cando, algunhas visitas aparecen na súa casa. A través delas, e da voz de Antonio López, o único pintor da súa xeración que a recorda, perfílase un filme poliédrico que sorprendentemente se transforma. Un filme sobre a memoria e o esquecemento, sobre a arte e o proceso creativo, sobre que significa ser muller e unha artista.

Filme enmarcado dentro da iniciativa Historias para contarnos, o ciclo de cine que reivindica a presenza da muller no audiovisual da man da distribuidora Begin Again Films.



A rabia de Isabel Santaló

Por Elsa Fernández-Santos

Quen era Isabel Santaló? Unha artista que destacou na xeración dos 50 para caer logo no absoluto esquecemento ou é ese misterioso espello no que agora se mira Irene M. Borrego, a súa sobriña e a directora do documental *La visita y el jardín secreto*? Á primeira pregunta vai respondendo no filme o pintor Antonio López, o único que parece lembrar a pintora. A resposta ao segundo enigma está no propio filme, aínda que as súas capas non poidan resolvelo de todo.

Polo que vemos, Isabel Santaló (Córdoba, 1923- 2017) acabou sendo unha anciá arisca, solitaria e malhumorada, á que lle bastaba a compañía de Ramsés, un gato xigante, gordo e moi mimado. Nunha das secuencias de *La visita y el jardín secreto*, a muller que traballaba na súa casa pelexa con Ramsés para poder facer a cama mentres o gato se nega a moverse do colchón. A plácida pachorra do animal marca a enerxía xeral dunha casa na que, ao parecer, Santaló gardou os seus cadros nun cuarto no que non lle deixaba entrar a ninguén. “A súa pintura estaba afastada da busca do éxito, despoxada de retórica”, evoca Antonio López, o único que ten algunha pista, algunha lembranza sobre quen era Isabel Santaló. “A pintura de Isabel era luminosa e seca, de formas simples, un pouco áspera, honesta e auténtica. Era moi secreta: era como ela. Un xardín secreto con cousas bonitas, pero parecía que ela non quería amosalas”, engade López.

A voz do pintor realista atravesa este filme ata que a propia Santaló toma a palabra. Cando chega ese momento xa sabemos que a artista era respectada polos seus compañeiros de xeración (“e iso é moi importante, aínda que quizais non suficiente”, asegura López), que o rexeitamento da súa conservadora familia aos seus propósitos tivo consecuencias e que algo que ninguén conta ocorreu á súa mellor colección de obras. Para a súa sobriña, Santaló era un tabú, un personaxe maldito, “unha sombra”. Sen lembranzas, sen fotos de arquivo e sen obras, *La visita y un jardín secreto* quere falar do esquecemento e a memoria pero sobre todo de que é ser artista, custe o que custe. Como o seu gato Ramsés, Isabel Santaló parece adormecida ata que a insistencia da súa sobriña, as súas preguntas naif, fanlle saír do seu letargo: “Ti tes que atopar o teu camiño traballando e pensando, hai que estar aberta a todo, a equivocarte...”, dille a anciá, que por un momento se revolve e lle solta: “Pero Irene, ti non tes rabia. Tes rabia de mal xenio maleducado pero non tes rabia grande, porque a rabia grande é humilde”.